*1ª Os concellos adheridos a este convenio, cando teñan coñecemento da presenza dun animal abandonado no seu termo municipal, comunicaranllo por vía telefónica ou calquera outro medio que deixe constancia fidedigna do aviso (fax, correo electrónico, etc.) á empresa adxudicataria do contrato para a prestación do servizo, a cal acometerá a actuación de forma inmediata unha vez recibido o dito aviso.*

*2ª Despois da recollida o responsable do concello asinará un parte por triplicado, que a empresa adxudicataria do servizo lle presentará por cada actuación que se leve a cabo no seu ámbito territorial.*

*3ª En todo caso a empresa adxudicataria presentará mensualmente no Servizo de Medio Natural da Deputación de Pontevedra unha copia dos partes dos servizos prestados nese período.*

*4ª. Os concellos colaborarán coa empresa adxudicataria para identificar, se é o caso, o propietario dos animais recollidos.*

*5ª Cando sexa posible a identificación do propietario comunicaráselle que nun prazo de dez días deberá proceder a recuperalo animal, previo aboamento dos gastos que orixinou a súa custodia e mantemento. Se no dito prazo o seu propietario non o recolle entenderase que o animal esta abandonado. Isto non eximirá o propietario da responsabilidade na que puidese incorrer co seu abandono.*

*6ª Despois de transcorrer ese prazo sen que o propietario do animal cumprise coas obrigas legalmente establecidas a empresa adxudicataria comunicarallo inmediatamente á Deputación provincial, que denunciará os feitos ante a Xunta de Galicia, co fin de incoar e instruir o correspondente expediente administrativo, segundo o disposto no capítulo II do título V da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade de Galicia.*

***Sétima. INCUMPRIMENTOS***
*1ª A Deputación de Pontevedra esixiralle á empresa adxudicataria que preste o servizo de recollida de animais de compañía abandonados o puntual cumprimento dos requirimentos do servizo por parte dos concellos interesados, esixíndolle as responsabilidades en caso de incumprimento así como as que se puidesen derivar deste. Para os efectos esixiráselle á empresa adxudicataria a subscrición do correspondente seguro de responsabilidade civil.*

*2ª A falta de pagamento, por parte dos Concellos, dunha anualidade da cantidade económica que lles corresponda para financiar o servizo será causa suficiente para considerar a súa renuncia á adhesión ó convenio, e desde ese momento o concello será o responsable de prestar o servizo.*

***Oitava. VIXENCIA DO CONVENIO***
*O período de vixencia do presente convenio coincidirá co ámbito temporal da delegación de competencias establecido na cláusula cuarta. Non obstante, á súa finalización, o convenio pode prorrogarse anualmente por acordo expreso das partes.*

***Novena. CAUSAS DE EXTINCIÓN DO CONVENIO***
*Este convenio extinguirase por algunha das seguintes causas:*
*a) Por expiración do prazo de vixencia*
*b) Por mutuo acordo das partes outorgantes*
*c) Por supresión do servizo*
*d) Por incumprimento dalgunha das partes das obrigas asumidas.*
*e) Polas causas previstas na lexislación de contratos das administracións públicas que lle sexan de aplicación.*

***Décima. CARÁCTER DO CONVENIO***
*Este convenio ten carácter administrativo, polo cal as cuestións litixiosas que sobre este se formulen serán dilucidadas polo órgano competente da orde xurisdicional contencioso-administrativa.*

***Undécima. CLÁUSULA ADICIONAL***
*No suposto de que se produzan circunstancias excepcionais motivadas por epidemias e casos de forza major que desvirtúen substancialmente o convenio e fagan inviables as súas previsións económico-financeiras, os concellos adheridos comprométense, así mesmo, a regular estas circunstancias subscribindo coa Deputación de Pontevedra os anexos que sexan precisos para garantir o seu financiamento.*

POBOACIÓN DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
A 1 DE XANEIRO DO 2011

| | | | |
|---|---|---|---|
| Agolada | 2.926 | Mondariz-Balneario | 730 |
| Arbo | 3.741 | Moraña | 4.398 |
| Baiona | 12.258 | Mos | 14.942 |
| Barro | 3.668 | Neves, As | 4.400 |
| Bueu | 12.348 | Nigrán | 17.879 |
| Caldas de Reis | 10.060 | Oia | 3.179 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Cambados | 13.946 | | Pazos de Borbén | 3.192 |
| Campo Lameiro | 2.036 | | Poio | 3.179 |
| Cangas | 26.121 | | Ponte Caldelas | 6.319 |
| Cañiza, A | 6.461 | | Ponteareas | 23.561 |
| Catoira | 3.489 | | Pontecesures | 3.136 |
| Cerdedo | 2.297 | | Pontevedra | 82.400 |
| Cotobade | 4.432 | | Porriño, O | 18.075 |
| Covelo | 3.235 | | Portas | 3.070 |
| Crecente | 2.533 | | Redondela | 30.006 |
| Cuntis | 5.066 | | Ribadumia | 5.107 |
| Dozón | 1.744 | | Rodeiro | 3.034 |
| Estrada, A | 21.759 | | Rosal, O | 6.613 |
| Forcarei | 4.044 | | Salceda de Caselas | 8.65 |
| Fornelos de Montes | 2.002 | | Salvaterra de Miño | 9.546 |
| Gondomar | 13.973 | | Sanxenxo | 17.586 |
| Grove, 0 | 11.241 | | Silleda | 9.199 |
| Guarda, A | 10.484 | | Soutomaior | 7.223 |
| Illa de Arousa, A | 5.020 | | Tomiño | 13.604 |
| Lalín | 21.127 | | Tui | 17.236 |
| Lama, A | 2.976 | | Valga | 6.103 |
| Marín | 25.564 | | Vigo | 297.241 |
| Meaño | 5.444 | | Vila de Cruces | 6.325 |
| Meis | 4.988 | | Vilaboa | 6.024 |
| Moaña | 19.336 | | Vilagarcía de Arousa | 37.903 |
| Mondariz | 5.081 | | Vilanova de Arousa | 10.614 |

Total provincial 963.511
Fonte: Instituto Nacional de Estadística."

2º.- A Delegación de competencias á que se refire a cláusula terceira, 1 a) do citado convenio.

3º.- Comprometerse a realizar as achegas económicas que, como contraprestación, nos correspondan.

4º.- Facultar ó Sr. Alcalde para asinar os documentos que se deriven deste convenio.

**7.- ORDENANZA TAXA USO LOCAIS MUNICIPAIS EN HORARIO NOCTURNO.**

Polo Sr. alcalde dase conta da necesidade de mellorar a prestación do servizo do alberque de peregrinos situado no lugar de Cancela propoñendo a contratación do aluguer do edificio para que se podidan facer cargo do mesmo o adxudicatarios. Así mesmo da conta da necesidade de actualizar o prezo por pernocta de 3,00 euros recollido na ordenanza vixente publicada no BOP nº 131 do 12/07/2010 para establecer un prezo de 5,00 euros coma os restantes albergues situados no camiño portugués.

O asunto foi dictaminado en sesión da Comisión Informativa de asuntos do pleno de data 27/09/2012

A Corporación Municipal, por unanimidade, ACORDA:

**Primeiro.**- Aprobar provisional a ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización de locais municipais en horario nocturno que se transcribe:

*"**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DE LOCAIS MUNICIPAIS EN HORARIO NOCTURNO.***

***Artigo 1º. - Concepto***.

*De conformidade co previsto no artigo 20.3 do Real Decreto-Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial por parte de persoas físicas ou xurídicas, dos locais e instalacións municipais existentes no municipio para pasa-la noite. Os locais a utilizar serán as instalacións deportivas municipais, os albergues de titularidade municipal e os locais sociais ou outras instalacións. Só se poderá solicitar ata cinco noites por persoa ou grupo de persoas. O horario permitido de estancia será de dezanove horas dun día ás nove horas do día seguinte.*

***Artigo 2º.- Feito impoñible.***

*Constitúe o feito impoñible a utilización dos locais municipais existentes no concello para pasa-la noite co cumprimento das normas de uso de cada un dos establecementos.*

***Artigo 3º.- Suxeito pasivo.***

*Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunden as prestacións a que se refire a presente ordenanza.*

***Artigo 4º.- Responsables.***

*Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.*

***Artigo 5º.- Base impoñible e cota tributaria.***

*A cota tributaria será a resultante de aplica-las seguintes tarifas:*

*- Por utilización dos locais municipais mencionados para pernoctar: 5,00 € por persoa.*

***Artigo 6º.- Normas de xestión.***

*O aboamento da taxa realizarase no momento da entrada no local a que se refire a presente ordenanza, a partires das dezanove horas, a cuxo efecto será entregado o ticket correspondente polos medios que poña a disposición do Concello.*

*A Alcaldía determinará as tempadas anuais nas que se poderá facer uso das instalacións citadas para a finalidade descrita no artigo 2º.*

***Artigo 7º.- Infraccións e sancións.***
*Para o tocante ás infraccións e sancións rexerá o disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.*

***DISPOSICIÓN FINAL***
*A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa".-----------------*

**Segundo**.- Someter a ordenanza e o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 30 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación no B.O.P. no que os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

**Terceiro.**- No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación provisional de conformidade co previsto no art. 17.3 do R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo.

## 8.- CONTRATACIÓN ALBERGUE MUNICIPAL.

Polo Sr. Alcalde dase conta da necesidade de mellorar a prestación do servizo do alberque de peregrinos situado no lugar de Cancela propoñendo a contratación do aluguer do edificio para que se poda facer cargo do mesmo os adxudicatarios.

O asunto foi dictaminado en sesión da Comisión Informativa de asuntos do pleno de data 27/09/2012.

A Corporación Municipal, por unanimidade, ACORDA:

**Primeiro.**- Aprobación do expediente tramitado para contratación do aluguer do albergue municipal.

**Segundo**.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas que se transcribe a continuación:

**"PREGO DE CLAÚSULAS ECONÓMICO ADMINISTRATIVAS QUE REGULARÁ O CONTRATO DE ALUGUER DO ALBERGUE MUNICIPAL.**

***1.- OBXETO DO CONTRATO***.-
Constitúe o obxeto do contrato, o arrendamento mediante **procedimento aberto** do aluguer do edificio do albergue municipal situado no lugar de Cancela da parroquia de Portela, Concello de Barro (Pontevedra).

***2.- TIPO DE LICITACIÓN***.-

Como tipo de licitación establecese o importe dun aluguer de **10,00 euros** mensuais non estando incluido no prezo o importe que corresponda por IVE.

O prezo ofertado sufrirá incremento anual correspondente ó IPC calculado a decembro en relación coa anualidade anterior segundo datos facilitados polo IGE para o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

O pagamento do prezo do contrato realizarase mensulamente dentro dos quince primeiros días do mes seguinte ó mes vencido.

***3.- DURACIÓN DO CONTRATO***.-

A duración do contrato de arrendamento será de **2 anos** contados a partires do día seguinte ó da sinatura do contrato.

Entenderase prorrogado por anualidades, agás que calquera das partes comunique por escrito a outra, cunha antelación mínima de tres meses, a súa decisión de dar por extinguido o contrato.

4**.- CAPACIDADE E CONDICIÓNS DOS LICITADORES.**

Os licitadores terán que reuni-las condicións seguintes:

1. Ser persoas físicas ou xurídicas, española ou extranxeira, cunha finalidade ou actividade que teña relación directa có obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, ou se acredite debidamente, e que dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

2. Ter plena capacidade de obrar e non estar incursas nas prohibicións contidas no art. 49 da Lei de Contratos do Sector Público en adiante LCSP.

3. Cando os licitadores ou adxudicatarios sexan agrupacións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, quedarán obrigados solidariamente coa Administración e someteranse ás prescripcións que establece o art 48 da LCSP.

5***.-OBRIGAS DO ADXUDICATARIO E DO CONCELLO:***

5.1.- Obrigas do Concello:

- O Concello obrigase a entregar ó arrendatario o local en condicions de utilización para o uso como albergue.
- O Concello entregará o edificio nas condicións e características que se sinalan no Anexo do presente prego,

5.2.- Obrigas do adxudicatario:

1) Tramitación polo adxudicatario das autorizacións ou inscripcións que correspondan conforme a normativa da aplicación como é o caso de alta en Facenda, Seguridade Social, e autorizacións sanitarias esixibles.
2) Limpeza do interior do edificio, instalacións vinculadas o albergue e do espacio exterior.
3) Dotación e reposición de equipamento necesario para os servizos: papel, toallas e/ou secador de mans.
4) Exercer por si a actividade no local e non ceder nin traspasar o local a terceiros sin a autorización expresa do concello.
5) Corresponderá o adxudicatario a responsabilidade da conservación do edificio e as instalacións ata entrega e recepción expresa polo concello.
6) O remate do contrato entregará ó Concello de Barro o edificio e locais en condicións utilizables e sen deterioro provocado polo abandono ou mal uso incluindo as obras de mellora do edificio con toda-las instalacións que sexan inherentes :

    Dará lugar a incautación de fianza definitiva sen perxuicios de outras reclamacións que se poidan formular, a entrega do edificio e do equipamento con defectos ou deterioros provocados polo arrendatario, sen perxuizo das responsabilidades que se poidan esixir.

7) Ter concertado e vixente a partir da apertura do albergue un seguro que cubra as responsabilidades que poideran derivarse do exercicio da actividade polo adxudicatario.
8) Publicidade do cadro de tarifas aprobado polo concello que deberá ter visible a disposición dos usuarios.
9) Cumplimento do establecido pola normativa sanitaria e sobre dereitos dos consumidores.

**6.- *GASTOS*.-**

O adxudicatario queda obrigado o pago do importe dos anuncios, impostos e taxas que procedan polo uso do edificio e locais

**7.- *CONDICIÓNS ESPECIAIS*.-**

Será de conta do arrendatario o abono da alta, no seu caso, e o consumo periódico dos suministros de auga, electricidade, telefónia e internet con ocasión da utilización do local arrendado.

O arrendatario non queda en relación de dependencia respecto do concello ós efectos do artigo 22 do Código Penal.

**8.- *FIANZA PROVISIONAL*.-**

Os licitadores deberán constituir unha fianza provisional de 20,00 €. que se prestará en calqueira das formas previstas no art. 84 da LCSP e que responderá do mantemento das ofertas ata a adxudicación provisional do contrato (art. 91 LCSP) e será devolta os licitadores inmediatamente despois da adxudicación difinitiva do contrato.

O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, neste caso a garantía provisional cancelarase o mesmo tempo que se constitúe a definitiva.

**9.- *PROPOSICIÓNS E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.-***

A presentación de proposicións presupón, por parte da empresa ou profesional ofertante a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego e das obrigas establecidas na regulamentación, acordos, convenios e demáis normas aplicables ó caso, e a declaración responsable de que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración Pública.

A convocatoria da contratación será publicada no taboleiro de edictos do concello e no BOP da provincia de Pontevedra.

As proposicións presentaranse en dous sobres pechados conforme ós modelos establecidos no anexo do prego sinalados coas letras A, B en cada un dos cales constará o nome do propoñente e o título do obxeto do contrato.

**O sobre "A", subtitulado "oferta económica"**, conterá a proposición económica formulada conforme ó modelo que se inclúe como anexo ó presente prego.

**O sobre "B", subtitulado "personalidade xurídica e xustificantes"**, presentarase a documentación administrativa que consistirá nos seguintes documentos:

1. Resgardo que xustifique ter constituída a fianza provisoria na forma indicada.

2. Acreditación da personalidade xurídica do empresario e no su caso do representente.

2.1. Se o propoñente é unha sociedade, primeira copia ou testemuña notarial da escritura social debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme a lexislación mercantil aplicable, se non o fora a acreditación da capacidade de obrar realizarase de acordo co establecido no RD 817/2009 de 8 de maio de desenrolo parcial da LCSP incluindo en todo caso certificados de que dispón de suficiente organización e medios técnicos para a realización do traballo.

2.2. No caso de ser empresario individual, primeira copia ou testemuña notarial do certificado de inscripción no Rexistro Mercantil, caso de que dito requisito sexa esixible conforme a lexislación mercantil aplicable e documento acreditativo da personalidade do firmante. Así mesmo, presentará un certificado de que dispón dunha organización con elementos persoais e materiais afectos de modo permanente e idóneos para a realización do traballo obxecto do contrato.

3. Declaración xurada de ter plena capacidade de obrar e non atoparse comprendido en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas na Lei de Contratos do Sector Público

4. Declaración responsable de atoparse o corrente do cumplimento das obrigas tributarias co concello de Barro, coa Facenda do Estado e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sin perxuicio de que a xustificación acreditativa de tal requisito se esixira antes da adxudicación definitiva.

5. Para as empresas extranxeiras, a declaración de someterse a xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois de calqueira orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, o foro xurisdiccional extranxeiro que poidese corresponder ó licitante.

6. Os documentos que se acompañen as proposicións haberán de ser orixinais. Non obstante admitiranse fotocopias dilixenciadas.

**10.- *CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN*:**

Os criterios de adxudicación serán o prezo do arrendamento. Cantidade que se abonaría ó concello polo aluguer expresada en euros ó mes.

11***.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.-***

O prazo de presentación das ofertas será de 26 días naturais a contar dende o seguiente ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As proposicións presentaranse no rexistro do Concello en horario de 9:00 a 15:00 horas de luns a venres e de 9:00 a 14:00 horas os sábados.

Tamén poderán presentarse proposicións por Correo, neste caso, o interesado deberá acreditar, co resgado correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos, e anuncia-lo mesmo día ó Órgano de Contratación, por FAX ou telegrama, a remisión da proposición. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición no caso de ser recibida fóra do prazo fixado no anuncio de licitación.

So serán tidas en conta as ofertas remitidas por correo que se reciban no concello antes da hora e data prefixada no prego para apertura de plicas.

12***.- APERTURA DE PLICAS***.-

Terá lugar no Salón de Actos deste Concello ás 13:00 h. do tercero día hábil seguinte ó do remate do prazo de presentación de proposicións e o acto será público.

A mesa de contratación presidida polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, estará integrada ademáis, polos seguintes membros:

- Concelleiro de cada un dos grupos políticos existentes na Corporación.
- O Técnico municipal.
- O Secretario-Interventor do concello.
- Actuará como Secretario, un funcionario do concello.

Pola mesa procederase a calificación da documentación presentada. Se a mesa observase defectos ou omisións subsanables, comunicarallo verbalmente ós interesados. Sen perxuizo do anterior, no caso de que non esten presentes os interesados, notificaralles dos defectos subsanables concedendolles un **prazo de tres días hábiles** para que os licitadores corrixan ou subsanen ante a propia mesa de contratación.

A mesa unha vez calificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións procederá a determina-las empresas que se axustan ós criterios sinalados no prego, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rechazados e sobre as causas do seu rechazo.

A continuación procederase a apertura das proposicións. As ofertas que correspondan a proposicións rechazadas quedarán excluidas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

En primeiro lugar abriranse os sobres B e por último os sobres A.

Antes da apertura da primeira proposición invitarase ós licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendose pola mesa a dalas aclaracións e contestacións pertinente, pero sen que en este momento poda aquela facerse cargo de documentos que non foran entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou de corrección ou subsanación de defectos ou omisión a que se refire o artigo 81.2 do R.D. 1098/2001 Regulamento da Lei de Contratos.

Si algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, variara sustancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto o modelo establecido, no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola mesa, en resolución motivada. Polo contrario o cambio ou omisión de algunhas palabras do modelo, con tal que o un ou o outro non alteren o seu sentido, non será causa bastante para o rechazo da proposición.

Concluída a lectura de tódalas proposicións, a mesa fará adxudicación, con carácter provisional, á proposición que obteña mellor puntuación.

No procedimento de adxudicación a valoración dos criterios para os que a cuantificación dependa dun xuizo de valor coresponderá, nos casos en que proceda por ter unha ponderación maior que a correspondente os criterios avaliables de forma automática, ben a un comité formado por expertos ou a un organismo técnico especializado. Nos restantes supostos, a valoración efecturase pola mesa de contratación, si interven, ou polo órgano de contratación. (art. 25 R.D. 817/2009).

Cando para a valoración dás proposicións se teñan en conta criterios distintos ao do prezo, o órgano competente para iso poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente, poderán solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego. (art. 144.1. LCSP)

A proposta de adxudicación non crea dereito algún en favor do licitador proposto fronte á Administración. No entanto, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión. (art. 144.2 LCSP)

13.- **ADXUDICACIÓN PROVISIONAL**

A Mesa en función dos criterios de valoración que figuren no presente prego, e unha vez valoradas as ofertas presentadas de acordo coas mesmas e evacuados os informes técnicos que no seu caso estime oportuno solicitar, elevará ó órgano de contratación a correspondente proposta de adxudicación.

**A adxudicación provisional deberá facerse no prazo de 2 meses a contar dende a apertura das proposicións** (art. 145.2 LCSP) e publicarase no perfil do contratante conforme establece o art 42 da LCSP.

De non producirse a adxudicación dentro dos prazos sinalados os licitadores terán dereito a retirar as súas proposicións.

Nos procedimentos abertos con varios criterios, si se presentasen dous ou máis proposicións iguais que resultasen empatadas, decidirase a adxudicación de éstas mediante sorteo.

A mesa poderá facer uso da súa facultade de propoñer que se declare procedimento deserto.

14***.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA***.-

Declarada válida a forma de adxudicación do contrato, o órgano competente do concello realizará a adxudicación definitiva, que **non poderá producirse antes de que transcurra o prazo de 15 días dende a publicación da adxudicación provisional** no perfil do contratante, **no prazo máximo de tres meses dende a apertura de proposicións.** (135.4 LCSP)

O órgano de contratación poderá declarar deserto o concurso no caso de que se considere que a proposta ou propostas presentadas non garantizen unha contraprestación mínima ou suficinte para os intereses municiapais, ou non se axeiten ás condicións mínimas esixibles.

A adxudicación provisoria deberá **elevarse a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo dos 15 días** sinalado anteriormente, sempre que o adxudicatario presentase a documentación sinalada e constituise a garantía definitiva, caso de ser esixible, e sen prexuizo da eventual revisión daquela en vía de recurso especial, conforme o disposto no artigo 37 da LCSP.

Para que a adxudicación provisional sexa elevada a definitiva, o adxudicatario deberá presentar a seguinte documentación no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á notificación da adxudicación provisional ou a aquel en que se publíque a adxudicación provisional no perfil do contratante da páxina Web do órgano de contratación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluirá ademáis a certificación de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias con Facenda e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva esixida.

Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato ao licitador que resultase adxudicatario provisorio por non cumprir este as condicions necesarias para iso, antes de proceder a unha nova convocatoria a Administración poderá efectuar unha nova adxudicación provisoria ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que quedasen clasificadas as súas ofertas, sempre que isto fora posible e que o novo adxudicatario prestase a súa conformidade, caso en que se lle concedera a este un prazo de dez días hábiles para cumprir coa presentación do documentación xustificativa sinalada no párrafo anterior deste prego.

15**.- GARANTÍA DEFINITIVA.**

O adxudicatario, no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte o da data da notificación da adxudicación provisional, deberá constituir unha garantía definitiva polo importe do **300,00 €**.que se prestará en calqueira das formas previstas no art. 84 da LCSP

A garantía non será devolta ó adxudicatario ata o cumprimento satisfactorio do contrato e responderá en todo caso da entrega dos edificios en bo estado de conservación e sin deterioros imputables ó arrendatario.

**16.- SINATURA DO CONTRATO**.

O contrato asinarase dentro do prazo dos 10 días hábiles contados a partir do seguinte o da entrega do local e instalacións polo anterior adxudicatario recepción e conformidade do concello. No caso de plantexarse discrepancias ou reclamacións co anterior contratista do albergue, a sinatura do contrato co novo adxudicatario quedará demorada ata a disponibilidade do edificio e locais para a súa entrega polo concello ó novo adxudicatario.

17***.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO***

Son causas de resolución do contrato:

a) A morte ou a incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuizo do previsto no artigo 202.3.da LCSP
b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
d) A non formalización do contrato en prazo.
e) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
f) O incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato.
g) As establecidas expresamente no contrato.

**18. - APLICACIÓN DAS CAUSAS DE RESOLUCIÓN.**

1. A resolución do contrato será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista, de ser o caso, seguindo o procedemento que se estableza nas normas de desenvolvemento desta lei.
2. A declaración de insolvencia en calquera procedemento e, en caso de concurso, a apertura da fase de liquidacion, darán sempre lugar a resolución do contrato.Nos restantes casos, a resolución poderá ser instada por aquela parte a cal non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela, nos supostos de modificacións que excedan o 20 por cento do prezo inicial do contrato, a Administración tamén pode instar a resolución.
3. Cando a causa de resolución sexa a morte ou a incapacidade sobrevida do contratista individual a Administración poderá acordar a continuación do contrato cos seus herdeiros ou sucesores.
4. A resolución por mutuo acordo so poderá ter lugar cando non concorra outra causa de resolución que sexa imputable ao contratista, e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.
5. En caso de declaración de concurso e mentres non se produza a apertura da fase de liquidación, a Administración potestativamente continuará o contrato se o contratista presta as garantías suficientes a xuizo daquela para a sua execución.

6. O incumprimento das obrigas derivadas do contrato por parte da Administración orixinaría a resolución daquel so nos casos previstos nesta lei.

**19.- *CARÁCTER DO CONTRATO*.-**

O contrato que regula as presentes cláusulas ten natureza privada e rexerase:

a) En canto a súa preparación, competencia e adxudicación polo presente prego de cláusulas e a lei 30/07 de 30 de outubro, de Contrato do Sector Público, Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, RD.L. 781/86 do 18 de abril Texto Refundido de Réxime Local, Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

b) En canto ós seus efectos e extinción pola Lei 29/1994, de 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, e o dereito privado.

**ANEXO I.**

***CARACTERÍSISTICAS DO ALBERGUE***

O edificio reune as condicions constructivas e de equipamento sinaladas no Informe Técnico do Arquitecto Técnico municipal que se inclue como anexo do presente prego.

ANEXO I:

MODELO DE PROPOSICON PARA CONCURSO DE ALUGUER DE ALBERGUE MUNICIPAL

"PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO ALUGUER MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO ALBERGUE MUNICIPAL ", convocada polo Concello de Barro, co seguinte modelo:

"D. .................., maior de idade, con domicilio en ......, titular do D.N.I. nº ......, en nome propio ou en representación de ......, enterado da convocatoria de procedimento aberto para aluguer do albergue municipal anunciada no Boletín Oficial da Provincia de ...., núm. ...., de data ....., toma parte na mesma, ofertando:

a) Renda mensual ............. €. sen inclusión do I.V.E.

Coñezo e acepto as condicións estipuladas no prego de cláusulas económico-administrativas que acepta íntegramente.

Lugar, data e sinatura"

**Sobre A: OFERTA ECONOMICA.**

PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO ALUGUER MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO ALBERGUE MUNICIPAL, presentada por...........

En..........a........de...........do .....

O/A licitador/a (asinado e rubricado)

**Sobre B: PERSONALIDADE XURIDICA E XUSTIFICANTES**

PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO ALUGUER MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO ALBERGUE MUNICIPAL presentada por.........

En..........a........de...........do ...

O/A licitador/a (asinado e rubricado)

**Terceiro**.- Anunciar a contratación mediante publicación de anuncio no taboleiro de edictos do concello, B.O.P. e plataforma de contratación.

**9.- MOCIÓNS.**
Sen contido.

**10.- ROGOS E PREGUNTAS.**
Sr. Fernández Abraldes, pregunta sobre a excavación que se leva a cabo en Valbón e pide aclaración sobre a afirmación de que se trata de obras de Concentración Parcelaria.

Sr. Alcalde: tratase dunha bolsa de terreo en zona de concentración parcelaria na que se están levando a cabo traballos de accesos e adecuación dos terreos para o cultivo, polo que as autorizacións necesarias corresponderianlle en todo caso a Consellería de Medio Rural e do Mar non tendo competencia o concello para intervir, varios veciños teñen autorización de parcelaria porque había unha bolsa de terreo sin accesos e tratase de adecuar unhas fincas en concentración parcelaria para o seu cultivo co compromiso dos propietarios de tramitación das autorizacións necesarias. Continua a sua intervención sinalando que en outros zonas do concello ainda se están levando a cabo traballos de parcelaria sin que para ningunha desas obras se solicitase autorización o concello.

Sra. Castro Calviño, da conta de que fai alomenos un ano que nun pleno deu conta do mal estado do camiño de acceso ao lugar de Parada na parroquia de A Portela.

Sr. Alcalde, sinala que o problema ven dado polas obras do AVE polo se está a espera da súa reparación polos responsables do seu deterioro.

Sr. Fernández Abraldes, recorda que o Ministerio de Fomento dispón de fondos para acometer reparacións puntuais como as que son necesarias neste caso, so é preciso que dende o concello o Sr. Alcalde faga as xestións necesarias ante os responsables.

Sr. Alcalde, que xa fixo xestión en máis de unha ocasión coa empresa encargada da execución das obras.

Sra. Castro Calviño, que ante a falta de solución do problema o Sr. Alcalde debe tomar as medidas necesarias para a reparación do camiño.

Sr. Sanmartín Soto, alude o asunto do incendio nunha casa dun veciño en Valbón, ten lugar un intercambio de intervencións entre o concelleiro e o Sr. Alcalde, dase conta da presentación dun escrito do concelleiro presentado o 13/09/2012 no que pedía a condena pública do incendio, e remata a súa intervención o Sr. Sanmartín Soto pedindo que o concello se pronuncie publicamente ante o incendio nunha vivenda porque considera que se trata dun atentado a un veciño.

Sr. Sanmartín Soto, pregunta si hai algunha novidade en relación co asunto do mercadillo municipal, xa que o adxudicatario que non paga ó concello segue cobrando todos os domingos ós vendedores ainda que non asistan o mercadillo.

Sr. Alcalde, que se vai a rescindir o contrato e se vai a convocar novo concurso, que en relación con este asunto tuvo que comparecer recentemente ante a Fiscalía polas denuncias presentadas.

Sr. Sanmartín Soto, pregunta si se vai a facer algunha inversión no concello con cargo o plan da Deputación e propón incluir con cargo o mesmo a mellora da pista de Sequeiros.

Sr. Alcalde, que a Consellería de Medio Rural xa adxudicou a execución de dita obra e que se executará de inmediato.

Sr. Sanmartín Soto, pregunta pola depuradora da Portela.

Sr. Alcalde, aclara que dita depuradora xa está en funcionamento.

Sr. Sanmartín Soto, pregunta polo estado do polígono de Outeda-Curro a raiz da información sobre a sinatura dun documento entre representantes dos veciños e o IPESPO.

Sr. Alcalde, que sobre ese asunto non vai a contestar nin a él nin a ninguén.

Sra. Canay Pintos, pregunta polo estado da pontella sobre o regato a entrada de Ortigueira con un trazado do camiño moi estreito.

Sr. Alcalde, sinala que xunto a casa dela hai unhas pedras nas que tropezan os coches.

Sra. Canay Pintos, que as pedras levan ahí toda a vida pero que tamén se poden quitar.

Sr. Roberto Rivas, pregunta polas obras pendentes de rematar no Illó.

Sr. Alcalde, que estivo no lugar da Esquiza con persoal de TRASGA e o Delegado Territorial para estudiar como resolver o problema.

Sr. Roberto Rivas, en relación co mesmo asunto pide a reposición da fonte e o pozo que foron desplazados, porque os responsables cos que el falou non llo deixaron claro.

A sesión rematou ó fio das vinte e unha horas corenta e cinco minutos. Dou fe.